



Asociación para a Loita Contra
as Enfermidades Renais de OURENSE



Asociación para a Loita Contra as Enfermidades Renais de OURENSE

“Memoria das actividades realizadas no ano 2011”

**ALCER Ourense: Sen ánimo de lucro, CIF: G-32.011.041, nº rexistro de entidades voluntarias O-44, nº rexistro provincial 277, declarada de utilidade pública, data de constitución 29 de xaneiro do 1982 - Dirección:
A.S. DISCAFIS, Rúa da Farixa, 7 , 32.005 (OURENSE)
tlf: 988 22.96.15/ 663780330 - alcerourense@hotmail.com**



[Asociación para a Loita Contra
as Enfermidades Renais de OURENSE](#)

1. ÍNDICE

1. ALCER OURENSE: PRESENTACIÓN

2. ACTIVIDADES

3. ATENCIÓN SOCIAL

4. DESGLOSE DALGUNAS ACTIVIDADES

1. II XORNADAS DE COIDADOS EN SAÚDE RENAL (3 de Marzo)

2. DIA MUNDIAL DO RIL (11 de marzo)

3.TALLER DE BAILE DE SALÓN

4. PASEO POLA SAÚDE (7 e 8 de Abril)

5. DIA NACIONAL DO DOADOR 2011 "Mas positivos. Más solidarios. Más donantes de órganos, más motivos" (1 de xuño)

6. STAN RECINTO FERIA DE EXPOURENSE

7.CAMPAÑAS DE CONCIENCIACIÓN E SENSIBILIZACIÓN NOS COLEXIOS

8. EXCURSIÓN Á CORUÑA (4 e 5 de setembro)

9. DIA DO DOADOR UNIVERSITARIO

10. CEA ANUAL DO MAGOSTO

5. ANALISE ESTATÍSTICO

6. RECURSOS PERSOAIS E MATERIAIS

ANEXO 1: NOTICIAS DE PRENSA

ANEXO 2: COLABORADORES

ANEXO 3: CONTA DE PERDIDAS E GANANCIAS



Asociación para a Loita Contra
as Enfermidades Renais de OURENSE

1. ALGER OURENSE

Nome: ALGER Ourense (Asociación para a Loita Contra as Enfermidades Renais de Ourense)

CIF: G-32.011.041

Dirección :

A.S. DISCAFIS, Rúa da Farixa, 7
32.005 (OURENSE) Tlf: 988 22.96.15 /663 780330
alcerourense@hotmail.com

Data de Constitución: 29 de xaneiro de 1982, ONG de carácter sanitario e social, non lucrativa, declarada de utilidade pública.

Nº Rexistro de Entidades Voluntarias: O-44

Nº Rexistro Provincial: 277

Responsable: Rosa Iglesias de Dios (Presidenta da Asociación)

Compoñentes do Órgano de Goberno: Dende o 13 de marzo do 2011, a Xunta Directiva da Asociación está formada por:

<u>Presidenta:</u>	Rosa Iglesias de Dios
<u>Vicepresidente:</u>	David Gulias Rivas
<u>Secretario:</u>	Leopoldina Losada Rey
<u>Tesorero:</u>	Eloy Gómez Iglesias
<u>Viceteseiro:</u>	Jorge Rodríguez González
<u>Primero Vocal:</u>	Antonio Vázquez Prada
<u>Segundo Vocal:</u>	Pilar Suarez Aller
<u>Tercero Vocal:</u>	Luz Rodríguez Pombo
<u>Cuarto Vocal:</u>	Mª Teresa Pereira González

Número de socios: 135 (76 numerarios e 59 colaboradores)



[Asociación para a Loita Contra as Enfermidades Renais de OURENSE](#)

ALCER- Ourense, é unha Asociación de carácter social e sen ánimo de lucro que ten como **finalidade xeral**, contribuír a atención **moral e física e social de modo integral** de todas aquelas persoas afectadas de enfermidades renais así, como a dos seus familiares, mellorando a súa calidade de vida, tentando previr as enfermidades do ril mediante o desenvolvemento de actividades de **sensibilización e concienciación**.

A Asociación está composta por **enfermos renais crónicos en tratamento de diálise, transplantados do ril** e persoas sensibilizadas con este tipo de enfermidade e a súa problemática. O número actual de socios é de 134 membros, dos cales 75 son socios numerarios (enfermos de ril) e 59 socios colaboradores.

O traballo que leva a cabo esta Asociación, a través de tódalas actividades programadas o longo do ano, é totalmente desinteresado; tratando de:

- **Sensibilizar** ó conxunto da sociedade e fomentar a doazón de órganos, a través de campañas de sensibilización e concienciación da Insuficiencia Renal Crónica Terminal (IRCT)
- **Ofrecer** atención a tódolos enfermos renais e as súas familias (económica, social e psicolóxica) dun xeito integral.
- **Promover** un estado de opinión favorable cara o enfermo renal coa finalidade de conseguir a total integración deste colectivo en tódolos ámbitos da vida.
- **Subsanar e paliar** posibles carencias que presenta a administración ou onde esta non pode chegar.



[Asociación para a Loita Contra
as Enfermidades Renais de OURENSE](#)

Queridos amigos/as, esta memoria que vos entregamos, resume os proxectos e actividades que a Asociación Alcer Ourense levou a cabo no ano 2011, estas actividades son froito do empeño e a loita de moitas persoas que de xeito anónimo fixeron posible que hoxe, ALCER OURENSE sexa unha realidade .

Dende Alcer Ourense desexamos manifestar todo o noso agradecemento, a todas aquelas persoas, institucións públicas e persoas anónimas sen as cales, sería imposible realizar esta labor, xa que é un traballo de equipo, no que todos e todas as que formamos parte de Alcer, colaboramos poñendo o noso grao de area.

Por que son froito da unión e traballo de todos/as os que fan Alcer Ourense (socios, colaboradores, amigos e profesionais a través das súas ideas, horas de traballo así como unha dedicación de xeito altruísta) fan posible que Alcer Ourense, sexa hoxe un referente non só para aquelas persoas que teñen enfermidade renal senón para a sociedade Ourensá en xeral.

Unha vez mais. a Asociación Alcer Ourense, foi capaz de cumprir os seus obxectivos, todo dende o máximo respecto e vocación de servizo.

A todos/as gracias

Rosa Iglesias de Dios

Presidenta de Alcer Ourense



Asociación para a Loita Contra
as Enfermidades Renais de OURENSE

2. ACTIVIDADES

XANEIRO

1. Elaboración da memoria das actividades levadas a cabo no ano 2010 e do balance económico do mesmo ano.
2. Visita semanal ós pacientes en tratamento de diálise do CHOU .
3. **Reunión** cos **voluntarios da asociación,** para a planificación de actividades, e organización de tarefas a desenrolar por cada un/unha, solventando dúbidas dos mesmos.
4. Elaboración e entrega do proxecto de “Obra Social Caja Madrid”.
5. **Charla informativa** no Edificio de Aixiña (Salón de Actos) co **IES Portovello,** o xoves día 13, as 09:45h, na que se intenta trasladar aos estudantes no que consisten as funcións dunha asociación de pacientes e as do/a Traballador/a Social.
6. Visita semanal aos pacientes en tratamento de diálise do CHOU, por parte da Traballadora Social de ALCER.
7. Entrega a varios pacientes de diálise, a solicitude de renovación do Grao de discapacidade, para a súa posterior tramitación.
8. Actualización das estatísticas sobre a doazón de órganos, os transplantes e a lista de agarda para os mesmo,s do ano 2010.
9. Realización de un dossier informativo, sobre el servicio, que desde ALCER Ourense, ofertamos para su posterior entrega a DISCAFIS.
10. Visita semanal os enfermos de diálise do CHOU.
11. Coordinación por parte dunha das Traballadoras Sociais de ALCER Ourense, coa Federación Nacional de ALCE,R para celebrar o **DIA MUNDIAL DO RIL** o vindeiro 10 de Marzo.
12. **Reunión** co **Secretario Provincial do Servizo Galego de Saúde da Provincia de Ourense,** D. Eliseo Lorenzo Carballo, o día 21 de Xaneiro ás 09:30h por parte dunha das Traballadoras Sociais e dous membros da Xunta Directiva de ALCER-OURENSE co fin de realizar un acordo entre Asociación da Loita



[Asociación para a Loita Contra as Enfermidades Renais de OURENSE](#)

Contra as Enfermidades Renais e o servizo de ambulancias; para ofrecer un servizo de calidade, e deste modo, mellorar a calidade de vida de estas persoas.

13. Coordinación por parte dunha das Traballadoras Sociais de ALCER Ourense, coa Supervisora de enfermería da unidade de dialise, dos Hospitais de O Barco de Valdeorras e do Hospital de Verín, para poder acudir a visitar os enfermos de dialise e informarlles das novidades da asociación, así, como recoller firmas para a celebración do convenio de calidade do transporte de ambulancias.
14. Entrega das memorias de actividades do ano 2010 ós nefrólogos de Ourense, o Dr.. Pedro Trillo Parejo e o Dr.. Juan Cortés
15. Visita semanal ós pacientes en tratamento de diálise do CHOU .
16. Contactar por parte dunha das Traballadoras Sociais da asociación cun paciente que transplantaron o pasado sábado 15 de Xaneiro para dar os nosos parabéns.
17. Información na sede da asociación a un rapaz de 21 anos cunha discapacidade do 33% sobor dos cursos formativos de COGAMI.
18. Charla no colexio, o día 24 xaneiro, CPR san José, en Ourense, potentes: Dr. Juan Cortes, coordinador de transplantes en Ourense e David Gulías, transplantado e vocal de ALCER Ourense.
19. Visita por parte dunha das Traballadoras Sociais de ALCER Ourense, e dun membro da Xunta Directiva o **Centro Hospitalario de O Barco de Valdeorras**, o día 26 de Xaneiro, para informar os dous turnos que se dializan nese día, sobre as novidades producidas na asociación, así, como recoller firmas, para realizar o convenio de calidade do transporte en ambulancias.
20. Visita por parte dunha das Traballadoras Sociais de ALCER Ourense, e dun membro da Xunta Directiva o **Centro Hospitalario do Barco de Valdeorra,s** o día 27 de Xaneir,o para informar os dous turnos que se dializan nese día, sobre as novidades producidas na asociación, así, como recoller firmas, para realizar o convenio de calidade do transporte en ambulancias.
21. Entrega da memoria de actividades, as,í como o balance económico do ano 2010, en DISCAFIS-COGAMI, e en Vicepresidencia de Igualdade e Benestar Social.



[Asociación para a Loita Contra
as Enfermidades Renais de OURENSE](#)

22. Entrega das memorias e do balance económico, as diferentes entidades e obras sociais, como Caixa Galicia e Caixa Nova, Bancaja, Ibercaja, Caja Madrid, La Caixa.
23. Entrega de memoria e balance económico 2010, na Delegación Provincial de Xustiza e na Deputación de Ourense.
24. Atención na sede de ALCER, a un mozo, que acudiu, para informarse sobor dos cursos de formación que se ofertan as persoas desempregadas, que teñan al menos o 33% de discapacidade, cursos, levados a cabo por COGAMI.
25. Remata o contrato unha das Traballadoras Sociais da asociación, Laura Álvarez García.
26. Entrega de memoria e balance económico 2010 no Concello de Ourense, no Departamento Territorial de Ourense da Consellería de Traballo e Benestar. Servicio de Dependencia e Autonomía, na Dirección Xeral de Xuventude e Voluntariado.

FEBREIRO

1. Visita semanal ós pacientes en tratamento de diálise do CHOU, por parte da Traballadora Social da asociación.
2. Visita por parte da Traballadora Social de ALCER Ourense, e dun membro da Xunta Directiva, ó **Centro Hospitalario de Verín**, o día 02 de febreiro, para informar os dous turnos que se dializan nese día, sobre as novidades producidas na asociación, así ,como recoller firmas para realizar o convenio de calidade do transporte en ambulancias.
3. Visita por parte da Traballadora Social de ALCER Ourense, e dun membro da Xunta Directiva, ó **Centro Hospitalario de Verín** o día 03 de febreiro para informar o turno dos martes, xoves e sábados, que se dializan, sobre as novidades producidas na asociación así como recoller firmas para realizar o convenio de calidade do transporte en ambulancias.
4. **Reunión** por parte da Traballadora Social de ALCER Ourense, e un dos membros da Xunta Directiva (David Gulias Rivas) o día 03 de febreiro, as 19:30h da tarde



[Asociación para a Loita Contra as Enfermidades Renais de OURENSE](#)

na Rúa Colon, coa **Concellería de Voluntariado de Ourense**, para informarnos daquelas actividades que se realizarán por parte da mesma, no ano 2011.

5. **Reunión** por parte da Traballadora Social de ALCER Ourense, e un dos membros da Xunta Directiva (Manuel Vázquez), o día 04 de febreiro, as 10:00h da tarde, na Casa da Xuventude coa **Dirección Xeral de Xuventude e Voluntariado**, para informarnos sobre o Ano Europeo de Voluntariado 2011, e de toda a súa programación anual.
6. Visita semanal, ós pacientes en tratamento de diálise do CHOU, por parte da Traballadora Social.
7. Atención personalizada por parte da Traballadora Social de ALCER, a unha nova socia da asociación, para informar da posible incorporación da mesma, no programa de voluntariado da nosa asociación, así, como, realizar a derivación ó departamento de formación de COGAMI Ourense, co fin, de solicitar unha ampliación da información solicitada pola traballadora social dos cursos formativos.
8. **Reunión** por parte da Traballadora Social de ALCER Ourense, **coa Traballadora Social do CHOU** (Belén), para a posible creación dunha bibliotec,a para os pacientes que acoden o centro hospitalario de Ourense, e os seus familiares contando coa colaboración da Asociación Contra o Cancro de Ourense.
9. Contacto coa Secretaria de D. Eliseo Lorenzo Carballo, Secretario provincial do SERGAS en Ourense, para concertar unha posible cita, co fin de chegar a un acordo para realizar un Convenio de calidade do Servizo de Transporte de Ambulancias entre nos e o SERGAS.
10. **Reunión** o día 7 de febreiro ás 16:00h de D. Eloy Gómez Iglesias (Tesoureiro de ALCER Ourense) coa Xunta Directiva de DISCAFIS-COGAMI así como celebración ese mesmo día da **Asamblea Xeral Ordinaria de DISCAFIS** ás 17:00h onde tamén acudirá D. Eloy Gómez Iglesias en representación de ALCER Ourense.
11. Asistencia por parte de dous membros da Xunta Directiva (Manuel Vázquez e David Gulias), de ALCER Ourense, á **reunión** que se celebra o día 9 de febreiro,



[Asociación para a Loita Contra as Enfermidades Renais de OURENSE](#)

- ás 11:00h, na **Oficina de Coordinación de Transplantes de Galicia**, en Santiago de Compostela, onde se fará entrega da memoria anual da nosa asociación.
12. Entrega realizada o día 11 de febreiro por parte da Traballadora Social da asociación, dunha subvención para a posible contratación dun/unha Traballador/a Social, segundo a Orde do 30 de decembro do 2010. polo que se establecen as bases que regulan as axudas e subvencións para o fomento do emprego. a través do programa de cooperación no ámbito de colaboración cos órganos e organismos das administracións públicas distintas da local, universidades e entidades sen ánimo de lucro e se procede a súa convocatoria para o ano 2011. Asemade, fíxose entrega tamén, do resume anual de retencións correspondente o ano 2010 (Modelo 190) pendente de entregar segundo a Orde do 10 de marzo do 2010, polo que se establecen as bases que regulan as axudas e subvencións para o fomento do emprego para o ano 2010.
 13. Visita semanal ós pacientes en tratamento de diálise do CHOU, por parte da Traballadora Social.
 14. Entrega por parte da Traballadora Social de ALCER, do proxecto realizado pola mesma para a posible concesión de subvención para o ano 2011 que concede a Deputación Provincial de Ourense a entidades sen ánimo de lucro.
 15. **Charla no I.E.S A Carballeira** o día 16 de febreiro, os potentes foron: Dr. Juan Cortes, coordinador de transplantes en Ourense e David Gulías, transplantado e vocal de ALCER Ourense.
 16. **Reunión** da Xunta Directiva de ALCER Ourense, coa Traballadora Social o día 16 de febreiro, as 15:30h, para planificar as actividades, que se realizarán o **Día Mundial do Ril** que terá lugar, o vindeiro 10 de marzo.
 17. Entrega o día 18 de febreiro, o proxecto realizado por parte da Traballadora Social de ALCER para a posible concesión de axudas o abeiro da Orde do 30 de decembro de 2010 pola que se establecen as bases polas que se rexerá a concesión de subvencións a entidades de iniciativa social, para o mantemento e a promoción de actividades e programas na área de servizos sociais comunitarios, e se procede á súa convocatoria para o ano 2011.



[Asociación para a Loita Contra as Enfermidades Renais de OURENSE](#)

18. Visita semanal por parte da Traballadora Social ós pacientes en tratamento de diálise do CHOU .
19. **Reunión** por parte da Traballadora Social de ALCER con Jose Luis Ascarza-Bacariza (Psicólogo da **Fundación Renal Iñigo Álvarez de Toledo**) para coordinar as II Xornadas en Coidados en Saúde Renal que terán lugar, o vindeiro 3 de marzo, no centro social de novacaixagalicia, sito en Juan XXIII Nº 31 (Sótano).
20. Entrega por parte da Traballadora Social, dos dípticos informativos das II Xornadas de Coidados en Saúde Renal ós pacientes que se encontran realizando diálise no centro hospitalario de Ourense.
21. Solicitude á Concellería de Sanidade de Ourense, dunha carpa, para celebrar o Día Mundial do Ril, o vindeiro 10 de marzo, así como solicitude do permiso, para poder instalar a mesma, na Rúa do Paseo a altura do Ministerio de Defensa.
22. Contratación de unha carpa coa empresa toldos Ourense, acompañada de catro sillas e un mostrador, para situala na rúa do paseo o día 10 de marzo de 2011, Día Mundial do Ril.
23. Solicitude por parte da Traballadora Social, dos presupostos para os detalles que se repartirán o Día Mundial do Ril así, como, coordinación desta coa Federación Nacional ALCER e coa OCT de Galicia para por en marcha dita actividade.
24. Solicitude por parte da Traballadora Socia, de colaboración ás enfermeiras da Fundación Renal Iñigo Álvarez de Toledo, da Asociación Diabética AURIA, e do grupo SOUSAS para a celebración do Día Mundial do Ril.
25. Entrega da carta de e invitación as diferentes autoridades, para o Día Mundial do Ril , que se colocará unha carpa na rúa do paseo
26. Envío de cartas a tódolos socios de ALCER, para informar da Asamblea Xeral Ordinaria, que terá lugar, o domingo, día 13 de marzo, as 10:30 en primeira convocatoria, e as 11:00h, en segunda, na sede social; para informar sobre as actividades e contas do ano 2010 así como da programación e presupostos para o novo ano 2011.
27. **Reunión** coa Asociación **Auria**, para a colaboración nas actividades previstas para o Día Mundial do Ril, control de niveis de glucosa.



[Asociación para a Loita Contra as Enfermidades Renais de OURENSE](#)

28. Envío das cartas informativas aos socios de ALCER, para que tivesen constancia das actividades previstas para o Día Mundial do Ril.
29. Petición por parte da Traballadora Social de ALCER, ó Servizo de Dependencia e Autonomía Persoal de Ourense en Saenz Diez, Nº 33, das facturas remitidas segundo a Orde do 20 de xullo do 2010, pola que se establecen as bases, nas que se conceden subvencións á entidades de iniciativa social, para investimento, mantemento e promoción de actividades.
30. Participación por parte da Traballadora Social, e un dos membros da Xunta Directiva de ALCER, o día 17 de febreiro, ás 18:00h, na reunión convocada pola Concelleira de Sanidade e Servizos Sociais de Ourense, Dona Marga Martín, para debater entre as asociacións de saúde de Ourense as actividades e calendario previsto para o Día Mundial da Saúde.
31. Reunión co Secretario Provincial do Servizo Galego de Saúde da Provincia de Ourense, D. Eliseo Lorenzo Carballo, o día 18 de Febreiro, ás 10:00h, por parte, de dous membros da Xunta Directiva de ALCER-OURENSE, co fin de formalizar un acordo, entre Asociación de Loita Contra as Enfermidades Renais e o servizo de ambulancias; para ofrecer un servizo de calidade, e diste modo, mellorar a calidade de vida de estas persoas.
32. Entrega o día 25 de febreiro, por parte da Traballadora Social da asociación, da solicitude para participar no acto que organiza a Concellería de Sanidade “PASEO POLA SAÚDE” que terá lugar, os días 7 e 8 de Abril, do 2011.
33. Entrega o día 25 de febreiro, dun certificado á Subdelegación de Defensa, para solicitar a súa colaboración, facilitándonos un punto de corrente nas súas dependencias, para a posible celebración do Día Mundial do Ril.
34. Visita semanal por parte da Traballadora Social, ós pacientes en tratamento de diálise do CHOU .
35. Solicitude de participación nun libro de entrevistas, que organiza a Dirección Xeral de Xuventude e Voluntariado, e diste modo, dar a coñecer as súas actividades e obxectivos da nosa asociación.
36. Recibimos a resposta, por parte do Secretario Provincial do SERGAS, Don Eliseo Lorenzo Carballo, as nosas peticións da mellora do Servizo de Transporte de



Asociación para a Loita Contra
as Enfermidades Renais de OURENSE

Ambulancias. Comunícanos, que polo momento non se firmará un convenio de calidade entre o Servizo de Transporte de Ambulancias e ALCER Ourense,. Namentres, indícanos, que o manteñamos informado de primeira man daquelas incidencias que sucedan co Servizo de Transporte de Ambulancias.

MARZO

1. Visita semanal ós pacientes en tratamento de diálise do CHOU, por parte da Traballadora Social da Asociación.
2. **Reunión** o día 1 de marzo, coa asociación **AURIA**, co fin de poder coordinar as actividades que realizaremos o Día Mundial do Ril.
3. **II Xornadas de Coidados en Saúde Renal**, celebradas, o día 3 de marzo, as 17:00h, de gran interés para as persoas en diálise, colabora e participa Alcer Ourense, a través da Traballadora Social (Tamara Morales Díaz) a cal falará sobre “As asociacións de pacientes”.
4. Recollida do permiso de responsabilidade civil, na consellería de comercio.
5. Envío de comunicado de prensa, a tódolos medios de comunicación, informando da carpa, que se situará, a altura da Subdelegación de Defensa, onde se realizarán, medicións da tensión arterial, e niveis de glucosa, da talla e o peso, co fin, de dar a coñecer a Insuficiencia Renal e previr as posibles consecuencias.
6. Recollida das caixas de *Augas SOUSAS* que serán entregadas no Día Mundial do Ril.
7. **Reunión cos voluntarios** da asociación para a planificación de actividades, e organización de tarefas a desenrolar por cada un/unha, solventando dúbidas dos mesmos.
8. Coordinación dende ALCER Ourense con Noelia Fernández, da Federación Nacional ALCER, para a asistencia da nosa presidenta, Rosa Iglesias de Dios, ó FORO SUSTITUTIVO RENAL, MADRID 23-24 DE MARZO.
9. Celebración do **DIA MUNDIAL DO RIL**, o 10 de Marzo, conxuntamente coa Fundación Íñigo Álvarez de Toledo coa colaboración da Asociación Diabética AURIA. Dende as 10 da mañá, e ata as 14 horas, e pola tarde de 16:00 a 20:00h. Contamos cunha carpa, instalada na rúa do Paseo. onde se realizaron diferentes



[Asociación para a Loita Contra as Enfermidades Renais de OURENSE](#)

- probas: talla, peso, glucosa, tensión arterial e creatinina. Son os datos básicos. para confeccionar un informe individualizado. e coñecer si a persoa analizada presenta factores de risco de padecer diabete ou problemas de funcionamento do ril. Esta xornada. ten como obxectivo. a divulgación e a información. para sensibilizar os ourensáns sobre os factores evitables.
10. Coordinación por parte dun dos membros da Xunta Directiva, Antonio Vázquez Prada co persoal encargado de Expourense. para a participación na 18ª Mostra da Oportunidade de Ourense.
 11. **Participación** cun Stand no recinto ferial de Expourense. os días, 11, 12 e 13 de marzo, na 18ª Mostra da oportunidade.
 12. Contactar por parte da Traballadora Social da asociación, cun paciente que transplantaron o pasado xoves, 03 de Marzo, para dar os nosos parabéns.
 13. Participación por tres membros da Xunta Directiva de ALCER Ourense, (David Gulias, Manuel Vázquez e Rosa Iglesias de Dios) cunha mesa informativa o día 11 de marzo dende as 19:00h, ata, as 22:00h, no PABELLÓN DO PACO PAZ de Ourense, onde se celebrou un partido do Club Ourense Baloncesto.
 14. **Reunión** de David Gulias Rivas e Eloy Gómez Iglesias, o día, 12 de marzo, as 10:30h, no hotel Francisco II, con Rosendo Fernández (**candidato a alcaldía polo PP**) e, con Miguel Pérez de Juan (Director de Cáritas de Ourense) para ter unha charla ,sobor das subvencións para o ano 2011.
 15. Celebración o día 13 da Asamblea Xeral Extraordinaria de ALCER Ourense. ás 10:30h. en primeira convocatoria, e 11:00h en segunda. Neste día. modificouse a Xunta Directiva de ALCER Ourense. Asemade, concertáronse as actividades a levar a cabo, neste ano 2011.
 16. Visita e atención as persoas de diálise, por parte da Traballadora Social de ALCER Ourense.
 17. Atención telefónica a un familiar dun paciente con I.R.C, de Pontevedra o cal,. nos solicitaba información, sobre alimentación en diálise. Dende ALCER Ourense- facilitamos a información requerida.
 18. Contacto por parte da Traballadora Social de ALCER Ourense, co equipo sanitario do CHOU, para recopilar información dos transplantes realizados, neste



[Asociación para a Loita Contra as Enfermidades Renais de OURENSE](#)

- ano 2011. A información facilitada, é que nos tres primeiros meses do 2011, realizáronse 4 transplantes de ril.
19. Charla co presidente de ALCER Lugo (Suso), para manter o contacto entre os ALCERES de Galicia, e posta o día das actividades desenvolvidas ata o momento.
 20. Envío do reportaxe do Día Mundial do Ril en Ourense, o día 16 de marzo, á Federación Nacional ALCER, para a publicación na súa revista do mesmo.
 21. Visita e atención as persoas de diálises, por parte da traballadora da asociación.
 22. Entrega ó persoal sanitario do CHOU de Ourense, que traballa no departamento de diálise peritoneal, da guía de axudas actualizada para o ano 2011 para persoas con IRC o día 21 de marzo.
 23. Entrega os pacientes de diálise do CHOU de Ourense, da guía actualizada para o ano 2011 dos recursos e axudas existentes para persoas con IRC.
 24. Atención a un usuario, e tramitación da exención da taxa do imposto de vehículos de tracción mecánica, pola Traballadora Social de ALCER.
 25. Información e xestión do certificado de minusvalía, no CHOU de Ourense, por parte da Traballadora Social de Alcer.
 26. **Reunión** por parte da Traballadora Social de ALCER Ourense, Tamara Morales Díaz, coas **Traballadoras Sociais do CHOU** para o estudo da posibilidade da implantación dun programa de cine e musicoterapia, a pacientes en tratamento hospitalario de dialise, o martes 22 de marzo as 10:30h.
 27. Orientación e tramitación por parte da Traballadora Social de ALCER Ourense, a unha paciente que se encontra en diálise, no CHOU, para a cumprimentación do parte de incidencias, que fixo ALCER, sobre o Servizo de Transportes de Ambulancias.
 28. Información e xestión da exención do imposto de matriculación, a unha persoa con insuficiencia renal, por parte de la Traballadora Social de ALCER.
 29. Información, xestión e asesoramento de todas as axudas actualizadas, para o ano 2011 ós pacientes que realizan a hemodiálise hospitalaria no CHOU de Ourense.



[Asociación para a Loita Contra as Enfermidades Renais de OURENSE](#)

30. Solicitud do permiso de responsabilidade civil, cedido pola empresa de montaxe de dita carpa para a entrega na subvención de voluntariado, para o ano 2011.
31. **Reunión** o luns, 28 de marzo, co un dos traballadores de **MAPFRE**, na oficina de ALCER Ourense, ás 09:30h, coa traballadora Social e membros da xunta directiva, para realizar a actualización dos voluntarios da nosa asociación no seguro de accidentes con dita compañía.
32. **Reunión** con un novo membro da Xunta Directiva de ALCER Ourense, M^a Teresa Pereira González), o luns 28, para informala, e pola o día, sobre as actividades, que dende a nosa asociación, se levan a cabo.
33. Atención na oficina de ALCER Ourense, o martes 29 de marzo, a unha persoa que nos visitou, para facerse socio de ALCER, e recoller información sobre as actividades que se desenvolven na asociación.
34. Visita e atención as persoas de diálise, por parte da traballadora da asociación.
35. **Reunión** o 30 de marzo ás 11:00h de D. Eloy Iglesias e D. David Gulias coa **Fundación Amancio Ortega**, para informar á mesma das actividades que se levan a cabo na nosa asociación.
36. Visita por parte dunha das Traballadoras Sociais de ALCER Ourense, o **Centro Hospitalario de O Barco de Valdeorras** o día, 30 de Marzo, para informar os dous turnos que se dializan nestes días, sobre as novidades producidas sobre o convenio de calidade do transporte en ambulancias. Asemade, facemos entrega da guía informativa dos recursos e axudas para persoas con IRC para o ano 2011.
37. Atención personalizada por parte da Traballadora Social de ALCER, o 31 de marzo, a dous enfermos de I.R.C, que realizan diálise peritoneal nos seus domicilios, para a inclusión dos mesmos, como socios de ALCER, así, cómo para asesorar, informar e orientar ós mesmos, dos recursos, axudas actividades para dito colectivo.
38. **Reunión** o 31 de marzo por parte de Rosa Iglesias de Dios (presidenta), e Manuel Vázquez (socio de ALCER) no **Salón de Plenos do Concello de Ourense**, na que se realizou unha rolda de prensa. para comunicar a celebración do “Paseo pola Saúde”. que terá lugar os vindeiros 6 e 7 de abril.



Asociación para a Loita Contra
as Enfermidades Renais de OURENSE

39. Atención o 31 de marzo, pola tarde, na sede de ALCER Ourense, a un novo socio de ALCER que necesitaba información sobre como solicitar a Incapacidade Permanente. Facitamos la información solicitada.

ABRIL

1. Visita e atención as persoas de diálises, por parte da traballadora da asociación.
2. **Entrega** o día 01 de abril o proxecto realizado por parte da Traballadora Social de ALCER, para a posible concesión de axudas o abeiro da Orde do 09 de marzo do 2011, pola que se rexerá a concesión de subvencións a entidades de iniciativa social para o mantemento e a promoción de actividades e programas de servizos sociais nos ámbitos da atención ás persoas maiores e persoas con discapacidade e se procede á súa convocatoria. Asemade, farase entrega en Xustiza da nova composición da Xunta Directiva de ALCER Ourense, ademais, dun certificado emitido pola secretaria de ALCER (Leopoldina Losada Rey) no que figura, que na Asamblea Xeral Ordinaria, se aprobou o balance económico da asociación no 2010.
3. **Reunión** cos voluntarios da asociación para a planificación de actividades, e organización de tarefas a desenrolar por cada un/unha, solventando dúbidas dos mesmos.
4. Visita por parte da Traballadora Social de ALCER Ourense, e dun membro da Xunta Directiva ó **Centro Hospitalario de Verín**, os días 04 e 05 de abril, para informar os dous turnos que se dializan nestes días sobre as novidades producidas sobre o convenio de calidade do transporte en ambulancias. Asemade, facemos entrega da guía informativa dos recursos e axudas para persoas con IRC, para o ano 2011.
5. **Contacto** por parte da Traballadora Social da asociación, co Secretario de Nefroloxía, para a coordinación dun traslado dun paciente que acudirá a dializarse no mes de maio a Madrid.
6. **Solicitude** por parte da Traballadora Social, da asociación dos presupostos, para a realización da excursión anual “Día da Convivencia 2011” á empresa Viaxes Piña.



[Asociación para a Loita Contra as Enfermidades Renais de OURENSE](#)

7. **Contacto** por parte da Traballadora Social da asociación coa OCT, para a realización dunha charla informativa no CPR Santo Cristo.
8. **Inauguración** das actividades da **VIII Feira do PASEO POLA SAÚDE**, que se celebrará o vindeiro día 7 e a 8 de ABRI, con motivo da celebración do Día Mundial da Saúde, organizada polo Concello de Ourense, en horario de 11:00 a 14:00 e de 17:00 a 20:30h.
9. Visita e atención aos enfermos que están en diálise, por parte da Traballadora Social de ALCER.
10. **Entrega** o día 7 de abril, da solicitude para a consecución dun proxecto en Ourense, cos enfermos de I.R.C o abeiro da convocatoria de “Axudas a iniciativas sociais da **Fundación Romanillos**”.
11. **Atención na sede** da asociación, a un socio, para a posta ó día, das axudas e recursos, neste ano, para persoas con discapacidade.
12. **Recollida de presupostos**, para o taller de bailes latinos, e información aos socios, de estas actividades.
13. **Entrega** por parte de MAPFRE na nosa asociación, o día 12 da modificación do seguro dos nosos voluntarios e a súa renovación anual.
14. **Contacto** coa secretaria do departamento territorial de Ourense do Rexistro de Entidades, para a modificación na solicitude remitida, con data do 1 de abril.
15. **Contacto** coa secretaria do Recinto Feiral de Expourense, para a renovación do convenio de colaboración que a nosa asociación mantén con eles.
16. **Recibimento a un novo paciente** no CHOU, presentación da nosa asociación por parte da Traballadora Social e información das axudas e recursos posibles para o mesmo, nas súas circunstancias.
17. **Atención persoal**, o día 14, a un familiar dun enfermo de IRC, que realiza diálise peritoneal na casa, facilitamos información do procedemento a seguir para solicitar o Grao de Discapacidade, o Grao de Dependencia e o SAF Municipal. Damos a documentación necesaria para elo.
18. **Presentación**, o día 15, da solicitude de subvención, segundo a orde do 10 de marzo do 2011, pola que se establecen as bases que rexerán subvencións dirixidas



[Asociación para a Loita Contra as Enfermidades Renais de OURENSE](#)

a entidades de acción voluntaria, para o fomento e a realización de actividades de voluntariado, e se procede, a súa convocatoria para o ano 2011.

19. **Coordinación** por parte da Traballadora Social de ALCER, con todos os membros da Xunta Directiva para manter unha reunión, e diste modo xestionar o Día Nacional do Doador e a Excursión Anual para este ano.
20. Visita e atención as persoas que están en diálise, por parte da Traballadora Social da asociación.
21. **Atención persoal**, o día 18, a un familiar dun enfermo de IRC que realiza diálise peritoneal na casa, facilitamos información do procedemento a seguir para solicitar o Grao de Dependencia e o SAF Municipal. Damos a documentación necesaria para elo.
22. **Solicitud de presupostos** a varias empresas de viaxes organizados, para a realización da Excursión Anual de ALCER, prevista para o mes de Xuño, ou o de Setembro do 2011.
23. **Asistencia**, o día 19, ás 12:00h, no salón de actos do Edificio AIXIÑA, por parte de Eloy Gomez Iglesias, (Tesoureiro de ALCER) e Manuel Vázquez, a unha **reunión có BNG** (Isabel Pérez e Marta Arribas), para presentar a súa candidatura das próximas seleccións ,que terá lugar, o 22 de maio do presente ano.
24. **Envío** por parte da Traballadora Social, dos datos estatísticos da Celebración, o pasado 10 de Marzo do Día Mundial do Riñ, a tódolos medios de comunicación e á Federación Nacional ALCER, para a posible difusión dos mesmos.
25. **Reunión** da Xunta Directiva de ALCER Ourense, o día 20, ás 16:00h na oficina de ALCER, para a coordinación da celebración do Día Nacional do Doador, e da Excursión Anual para o ano 2011.
26. Visita semanal ós pacientes en tratamento de diálise do CHOU, por parte da Traballadora Social da Asociación.
27. **Entrega**, o luns 25, por parte da Traballadora Social da Asociaciónn na 2ª planta da Casa de Chocolate de Ourense (Rexistro de Entidades)n a documentación necesaria para a modificación da Xunta Directiva de ALCER Ourense.
28. **Contacto** cos diferentes voluntario/as, para a posible participación no Día Nacional do Doante, que terá lugar o vindeiro 01 de xuño.



[Asociación para a Loita Contra as Enfermidades Renais de OURENSE](#)

29. **Contacto** cun dos nosos socios que foi transplantado este ano, e neste momento, se encontra ingresado por complicacións no CHUC, para darlle ánimos dende ALCER-Ourense.
30. **Contacto** co Secretario Provincial do SERGAS D. Eliseo Lorenzo Carballo, e co Xefe de Servizo de Asistencia Sanitaria, D. Carlos, para solicitar información sobre a posible posta en marcha do Servizo de Mobilidade 065 para os enfermos renais de Ourense, dende o SERGAS confírmannos que non teñen a intención de por en marcha dito servizo cos enfermos de I.R.C.
31. **Reunión** o día 27, no Edificio de AIXIÑA de: Eloy Gomez Iglesias (Tesorero de ALCER), Rosa Iglesias de Dios (Presidenta de ALCER) e Tamara Morales Díaz (Traballadora Social de ALCER), ás 18:30h, con Don Francisco Rodríguez, alcalde de Ourense e Dona Marga Martín, Concelleira de Sanidade e Servizos Sociais coa asociación no edificio AIXIÑA.
32. **Atención** na oficina da asociación, o día 28, ás 11:30h, a un traballador da empresa “*Block de Ideas*”, que segundo conta, está contratada por unha empresa farmacéutica que quere realizar enquisas aos enfermos renais (en tratamento, en diálise peritoneal, hemodiálise e persoas transplantadas), para saber a calidade de vida que teñen os mesmos. Para elo, nos solicitan os nº de contacto dos pacientes que atendemos dende ALCER Ourense. Dende ALCER Ourense, pómonos en contacto co Xefe de Nefroloxía do CHOU (Alfonso Otero), para solicitar unha autorización, para facilitar os datos persoas dos pacientes con IRC a dita empresa; o Doutor Otero aconséllanos non colaborar con dita persoa, xa que esta non trae consigo ningunha acreditación da empresa onde traballa.
33. **Petición de presuposto** para a colocación de unha carpa na rúa do Paseo, en Ourense, polo DÍA NACIONAL DO DOADOR.
34. **Entrega** por parte da traballadora social da asociación, o día 29, a solicitude para ter o permiso de instalación dunha carpa, no Día Nacional do Doador na Rúa do Paseo (a altura da Subdelegación de Defensa), o vindeiro 01 de xuño.. Asemade, fíxose entrega na Deputación de Ourense,, a solicitude de colaboración da Deputación para a posible actuación do grupo “Queixume dos Pinos” no Día Nacional do Doador.



[Asociación para a Loita Contra as Enfermidades Renais de OURENSE](#)

MAIO

1. Visita e atención aos pacientes de diálise, tramitación e información sobre a lei de dependencia, a unha persoa de diálise, e xestión do certificado de minusvalía, a un socio de ALCER.
2. **Resolución a dúbidas**, formuladas á nosa asociación, por parte dun familiar dunha persoa enferma de insuficiencia renal crónica.
3. **Contacto** co **socios** do Concello de **Verín** e de **Barco de Valdeorras**, para solicitar colaboración no *Día Nacional do Donante*.
4. **Participación** os días 03 e 04 de Maio, no ***“VI Salón da Prevención e Seguridade Laboral”*** PREVISEL, en Expourense de 10:00 a 14:00h, e de 16:00 a 20:00h ,cun Stand informativo.
5. **Entrevista** o día 4 de maio, as 16:00h, por parte dun periodista contratado pola Dirección Xeral de Voluntariado, para a realización dun libro de entrevistas de todas aquelas asociacións que queren participar. Dende ALCER Ourense, estamos dispostos a acceder a mesma, sendo Tamara Morales Díaz a que responda as preguntas coma Traballadora Social de ALCER.
6. **Coordinación**, coa Xefe de Servizo de Atención ó Ciudadano da Subdirección Xeral de Desenrolo e Seguridade Asistencial, para a posible participación, cun Stand informativo, o vindeiro sábado, 14 de Maio, en horario de tarde, na *“Fería de Mostras de Ourense”* , FAMEGA 2011 que se celebrará os días 14, 15, 16 e 17 de Maio, no recinto de Expourense.
7. **Petición** do presuposto a empresa PLUSMATIC, para a actualización da páxina web.
8. **Coordinación** co psicólogo da FRIART (Fundación Renal Íñigo Álvarez de Toledo), para o contacto, e posterior realización dun escrito, que un enfermo de ril do Hospital de Verín, solicitou.. Dende ALCER Ourense, realizamos o escrito expondo o caso de dito paciente, para que o psicólogo da fundación, llo entregue ao mesmo, co fin de ser firmado, e diste modo, entregalo por parte de ALCER, ao Secretario Provincial do SERGAS, xa que trata, sobre a concesión ou non, do servizo de transporte de ambulancias.



[Asociación para a Loita Contra
as Enfermidades Renais de OURENSE](#)

9. **Atención**, o día 5 de maio, por parte da Traballadora Social de ALCER Ourense, a unha paciente que reside na Rúa, e realiza diálise peritoneal para informala e asesorala sobre recursos e axudas económicas.
10. **Coordinación** por parte de ALCER Ourense, coa ONT, para xestionar o Día Nacional do Doante.
11. **Entrega** vía internet, o día 09 de maio, da solicitude para a concesión de subvencións o abeiro de a “Proyectos de Acción Social 2011” de “la Caixa”.
12. **Entrega** por parte da Traballadora Social de ALCER, o día 09 de maio, a dúas pacientes que acoden a diálise das solicitudes de Grao de Discapacidade, e información complementaria sobre o mesmo.
13. **Apertura** dunha conta na páxina “Facebook”, pola nosa asociación ALCER Ourense, co fin, de ofertar información, a todas aquelas persoas que a necesiten e promover as nosas actividades.
14. **Atención telefónica**, por parte da Traballadora Social de ALCER, o día 10 de maio, a unha filla dun enfermo de IRC, que realiza diálise peritoneal na casa, sobre prestacións e axudas económicas para o seu pai. Facilitamos dita información.
15. **Solicitude** da realización da serigrafía das camisetas que entregaremos o Día Nacional do Doante 2011, á empresa SERITEC.
16. **Información**, o día 11 de maio por parte da Traballadora Social de ALCER, a un socio sobre o programa de “Vacacións de COGAMI para este ano 2011”.
17. **Entrega**, o día 13 de maio por parte da Traballadora Social de ALCER, ao Secretario Provincial do SERGAS, os partes de incidencias do servizo de transporte de ambulancias, así ,coma unha petición de dito servizo, dun paciente de hemodiálise do Complexo Hospitalario de Verín.
18. **Entrega**, o día 13 de maio, a solicitude de subvencións que concede a entidade “La Caixa”, o abeiro do programa de axudas a entidades que a Fundación “La Caixa”, concede a aqueles proxectos de acción social que consideren apropiados.

Asemade, tamén facemos **entrega** na Secretaría provincial do SERGAS dous partes de incidencias do servizo de transporte de ambulancias, así, coma dunha



[Asociación para a Loita Contra
as Enfermidades Renais de OURENSE](#)

petición de concesión do transporte para un paciente de IRC do Concello de Verín .

19. **Charla** no “**CPR Divina Pastora**”, ás 12:20h, impartida polo Doutor Juan Cortés, e un dos nosos membros da Xunta Directiva de ALCER, David Gulias Rivas.
20. **Participación** do día 14 de Maio, na “**Fería da Mostra de Ourense**”. FEMAGA 2011, en colaboración coa Escola Galega do Cidadán do Servizo Galego de Saúde, contando cun Stand informativo no recinto ferial de Expourense, en horario de tarde, para ofrecer información a todos aqueles participantes que acoden á dita feria.
21. Para o Día Nacional do Doador 2011, encargáronse 350 camisetas co slogan, “Más positivos. Más solidarios. Más donantes de órganos”.
22. Visita semanal ós pacientes en tratamento de diálise do CHOU, por parte da Traballadora Social da Asociación.
23. **Envío** de cartas aos socios de ALCER Ourense, o 16 de maio, informando sobre as actividades que se levarán a cabo no Día Nacional do Doador o vindeiro 01 de xuño. Asemade, informamos nas mesmas cartas, datos estatísticos da celebración Do Día Mundial do Ril, do pasado 10 de marzo. Aproveitamos a ocasión, para **enviar** dúas cartas de condolencia dende a nosa asociación, a dous socios, polo falecemento de familiares seus, tamén socios de ALCER Ourense.
24. **Atención telefónica** á Asociación ALCER Asturias, o 18 de maio para a tramitación de xestión de praza de diálise, a un socio seu, no Hospital Xeral de Vigo, dende ALCER Ourense facilitamos os trámites para dita xestión.
25. **Coordinación** coa Federación nacional de ALCER, a remisión aos medios de comunicación da nota de prensa, para a celebración do Día Nacional do Doador.
26. **Atención telefónica**, a unha muller que chamaba para informarse sobre algunhas cuestións sobre a tarxeta de doante. Dende ALCER, damos a información requerida ó momento.



[Asociación para a Loita Contra as Enfermidades Renais de OURENSE](#)

27. **Entrega** o día 20 no edificio administrativo da Xunta de Galicia, da corrección de erros das solicitudes feitas con anterioridade, para a concesión de subvencións de voluntariado e do plan de cooperación para o ano 2011.
28. Visita e atención os pacientes de diálises por parte da Traballadora Social de ALCER.
29. **Contacto cun socio** de ALCER Ourense, para informarnos do seu estado de saúde, despois de estar ingresado no Hospital da Coruña, debido ó transplante realizado fai tres meses de ril.
30. **Compra** dos detalles a entregar os doutores e autoridades, que o *Día Nacional do Doador*, acudirán á carpa, situada na rúa do Paseo, para tratar temas da doazón de órganos.
31. **Reunión** o día 26, cos voluntarios da asociación, para a planificación de actividades, e organización de tarefas a desenrolar por cada un/unha, solventando dúbidas dos mesmos.
32. **Recollida** na Consellería de Comercio, o permiso de instalación da carpa para a celebración do *Día Nacional do Doador*.
33. **Entrega** o día 27 de maio, a corrección de erros na xustificación do Plan de Cooperación do ano 2008.
34. **Envío** de nota de prensa, a todos os medio de comunicación, para informar das actividades do *Día do Doador no 2011*.
35. Entregar material para o *Día do Doador*, (camisetas, trípticos, libros informativos, carteis...,) ás mesas, que se situarán en Verín e Xinzo de Limia.

XUÑO

1. Visita e atención aos pacientes de diálises por parte da Traballadora Social de ALCER, despedida da mesma facendo entrega de detalles os enfermos.
2. **Envío** de novo, a nota de prensa a todos os medio de comunicación, para informar das actividades do *Día do Doador no 2011*.
3. Celebración do **DIA NACIONAL DO DOADOR** o 1 de xuño, coa colaboración de voluntarios e da xunta directiva de ALCER Ourense. En Ourense, fixéronse



[Asociación para a Loita Contra as Enfermidades Renais de OURENSE](#)

37 donantes., en Xinzo de Limia 7 e en Verín 6 (TOTAL 50 TARXETAS DE DONANTES).

4. **Atención** por parte da Traballadora Social, a un novo membro da asociación na oficina de ALCER.
5. **Reunión** da Xunta Directiva, o luns, día 6, para a posta en común da actividade *“Convivencia / Excursión anual”*, ás **11:00h**, na sede de ALCER Ourense, onde se acordou, que finalmente a excursión realizárase no mes de Setembro (día 3 e 4).
6. **Reunión** o día 7, ás **16:00h**, cós membros do Centro Quérote, para a posibilidade de realización de cursos informativos a membros da nosa, asociación, sobre as novas tecnoloxías.
7. Remata o contrato da Traballadora Social da asociación, Tamara Morales Díaz.
8. Asistencia a unhas **XORNADAS** celebradas o día 17 en Vigo. **2º Congreso de Calidade e Seguridade da asistencia.** Nestas, falóuse entre outras cousas, da Unidade da Dor, da administración de antibióticos intravenosos, e ademais, contouse, coa aportación dunha enfermeira, para a seguridade do paciente, envellecemento activo e saudable, intervención educativa en pacientes hospitalizados con insuficiencia cardíaca, estudio de microbacterias en orina, adecuación ós ingresos, e por último dunha unidade de intermedios en ciruxía xeral.

As persoas que se desprazaron para este evento, foron membros, desta Xunta Directiva: David Gulias Rivas e Leopoldina Losada Rey.

9. Reunión en **COGAMI**, o día 27, ás 16:00 h. Os temas tratados foron, a situación actual da entidade, tanto no que respecta ós servizos, como as actividades. O mesmo tempo, valoráronse as necesidades da asociación, para o seu funcionamento e mantemento dos servizos.

Os temas que foron tratados, con relación as necesidades que presenta a asociación son, na súa maioría, relativos o interés de contar cun programa de apoio persoal, a través da contratación dun psicólogo. Ademais, tamén se agradecería unha maior colaboración co hospital, sobre todo, no ámbito dos



[Asociación para a Loita Contra
as Enfermidades Renais de OURENSE](#)

desprazamentos das persoas que acoden a diálise, e na dispoñibilidade de espazos no hospital, para traballar cos usuarios/as ou coas familias neste ámbito.

XULLO

1. Petición de novos presupostos, para a realización da excursión en setembro.
2. Envío de cartas aos socios de ALCER, informándolles da próxima **excursión** que realizaremos Á Coruña, que terá lugar, o vindeiro 2 e 3 de Xullo.
3. Comunicación ao restaurante e a empresa de viaxes, das persoas que acudirán a excursión de Santiago.

AGOSTO

1. Descanso para todos

SETEMBRO

1. Celebración os días 03 e 04 da excursión anual. Este ano fomos á **Fisterra** e á Coruña.
2. O día 15 de Setembro comeza o contrato da Traballadora Social, Vanesa Nóvoa Vila cun convenio do Concello de Ourense.
3. Asistencia o día 16 a unha reunión que ofrece a C.E.O debido a proximidade da celebración da **V EDICIÓN O MARATÓN DO MIÑO.** Nesta reunión ofrécennos a posibilidade de formar equipos para a carreira/andaina, de aportar información/ merchandasing para a bolsa do corredor, dispor de un stand propio e participar con outras asociacións nunha carpa conxunta.
4. O día 20 de Setembro, a Traballadora Social desprazouse á Residencia para proporcionar apoio a un familiar dun paciente ingresado na planta de Nefroloxía. Recollida de datos para o trámite da prestación de incapacidade, e do recoñecemento do grao de discapacidade.
5. Atención por parte da Traballadora Social de unha chamada telefónica o día 20, a unha persoa que deixou un mensaxe de voz, dicíndonos que tiña un problema co



[Asociación para a Loita Contra as Enfermidades Renais de OURENSE](#)

trato que tiña a persoa da ambulancia coa súa nai para facer a diálises. Quere que a acompañemos a atención o paciente para queixarse da súa situación.

6. Chamada telefónica da Traballadora Social á C.E.O, para concretar temas tratados na reunión do día 16 de Setembro por motivo do Maratón do Miño.

7. Asistencia da Presidenta de Alcer, Rosa Iglesias de Dios e de Manuel Vázquez o día 15 de Setembro a inauguración do **cámping de Untes**. Nun primeiro momento a intención era construír un total de 18 bungalows, pero, debido a situación económica só foi posible a construción de 8. No recinto, traballan máis de unha docena de persoas con discapacidade pertencentes a asociación de Aspanas.

8. Atención por parte da Traballadora Social o día 23 de Setembro a unha persoa de Verín que actualmente está en diálise. Faláronlle da asociación e desprazase ata aquí para que lle facilitemos información e asesoramento no relativo as prestacións que pode acceder. Collo os seus datos e mantémonos en contacto para solicitar o recoñecemento do grao de discapacidade, xa que esta actualmente esta percibindo o 100% dunha incapacidade permanente absoluta.

9. Celebración de **TERMATALIA** “ Fería Internacional do Turismo Termal” (11ª Edición). Terá lugar dos días 23-25.

10. O día 28 de Setembro a Presidenta de Alcer, Rosa Iglesias de Dios ponse en contacto coa C.E.O para confírmalles que non podemos asistir a andaina que tiñamos preparada por motivos persoais das persoas que estaban interesadas. Sen embargo dúas persoas acudirán ese día a carpa que se instalará na que poden participar todas as asociacións que estean interesadas.

OUTUBRO

1. O día 1 de Outubro a Presidenta da asociación Rosa Iglesias de Dios e Manuel Vázquez asistiron a un **acto de benvida do V Maratón do Miño** que tivo lugar ás 20:00h. no Restaurante Maimón, Parque das Pozas de Maimón (Estrada de Reza 6-8).

2. O día 2 de Outubro celebrouse o **V Maratón do Miño** o cal asistiron dous membros da asociación, David Gulias Rivas e David González, os cales se



[Asociación para a Loita Contra as Enfermidades Renais de OURENSE](#)

encargaron de ofrecer información a toda a poboación ourensá sobre a enfermidade renal e a doazón de órganos e texidos.

3. O día 3 a Traballadora Social, fixo unha chamada telefónica a Xunta para verificar se un paciente de diálise tiña recoñecido o grao de discapacidade. Falo con Dora, Traballadora Social e dime que non aparece na súa base de datos. Polo tanto, chamo o paciente para informar da documentación que ten que adxuntar e quedo un día para axudarlle coa solicitude e explicarlle a onde ten que ir a presentalo.

4. Comeza o contrato polo plan de cooperación de outra Traballadora Social, Rosa Iglesias de Dios.

5. O día 4 a traballadora social, Vanesa Nóvoa Vila dirixise a Xunta a entregar a documentación da xustificación da subvención de voluntariado.

Ademais ese mesmo día Rosa Iglesias de Dios entrega a documentación da subvención que solicitamos a Deputación.

Acompañamento a pacientes. A Traballadora Social de Alcer, acompaña a varios pacientes de diálise a distintos organismos para solicitar prestacións (recoñecemento do grao de discapacidade, incapacidade permanente...) das que anteriormente informei e as que poderían ter acceso.

6. Día 5. Organización por parte das dúas Traballadoras Sociais dun planing para comezar coas visitas á Residencia. Ademais pensamos que sería convinte dispor de historias sociais ou informes que nos permitan facer entrevistas individualizadas e ter visible toda a información necesaria dos pacientes cos que mantemos contacto.

7. O día 6 as Traballadoras Sociais fixeron unha chamada telefónica a unha persoa que demandaba axuda por un problema de horario coas ambulancias que recollían o seu marido dúas horas máis tarde do previsto á saída da sesión de diálise que realizaba na Fundación Iñigo Álvarez de Toledo.

Para solventar este problema puxémonos en contacto con dita Fundación e posteriormente co Secretario Provincial do Sergas.

Este mesmo día enviámoslle un informe da situación deste paciente.

Pendente de resolver.

Confirmación da asistencia a **II Gala de AS`PANAS** que se celebrará o día 12 de Outubro no Auditorio de Ourense por parte da Presidenta da Asociación.



[Asociación para a Loita Contra as Enfermidades Renais de OURENSE](#)

8. O día 11 as Traballadoras Sociais, Vanesa e Rosa, realizaron visitas a os pacientes que están baixo o tratamento de hemodiálise. Nesta ocasión, fixéronse 6 historias sociais os pacientes do primeiro turno, para posteriormente, poder levar a cabo o seguimento axeitado a cada paciente.

Entablamos unha conversa coa Dra. Pérez, que leva os pacientes que están a tratamento de diálise peritoneal e tamén coa Dra. Camba que se ocupa dos pacientes de hemodiálise. Ambas, apoiáronos no plan que temos previsto levar a cabo a partir de agora.

9. O día 13 as Traballadoras Sociais falaron co servizo de enfermería nefrolóxica, que leva este tipo de diálise, as cales, nos proporcionaron a listaxe de pacientes que tiñan citados para a semana que ven. Elas, informarannos semanalmente, das revisións que teñen o seus pacientes todas las semanas.

Esto, permitíranos, abarcar non soamente os pacientes que están en hemodiálise, senón tamén, os de diálise peritoneal, xa que estes, estaban algo “abandonados” por falta de recursos humanos na Asociación.

Este mesmo día, tubo lugar en Aixiña unha Convocatoria do BNG as 11:00h a que asistiron dous membros da Xunta Directiva., Manuel e Eloy.

10. O día 14, as Traballadoras Sociais dirixíronse a residencia para visitar os pacientes de hemodiálise. A finalidade que se pretende e poder acudir a visitar un día da semana a todos os pacientes: primeiro turno dos luns, mércores e venres as 9:00h, segundo turno dos luns, mércores e venres a 13:00h e terceiro turno dos luns, mércores e venres as 18:00h. O mesmo farase co primeiro, segundo e terceiro turno dos martes, xoves e sábado.

11. O día 15 e a fecha límite de entrega da **subvención de voluntariado** (xustificación e memoria). Xa se entregou toda esta documentación en días anteriores.

Visita a pacientes de hemodiálise e diálise peritoneal ó longo de toda a semana.

12. O día 17 as enfermeiras de peritoneal proporcionáronnos a listaxe de pacientes que tiñan citados para esta semana. Este mesmo día xa elaboramos unha entrevista social cunha paciente de peritoneal.



[Asociación para a Loita Contra as Enfermidades Renais de OURENSE](#)

13. Os días posteriores dedicámoslos a **elaboración das historias sociais**. Unha vez obtida a recollida de datos dos pacientes fixemos unha historia individualizada para cada paciente para poder arquivala como tal. Ademais tivemos que estudar cada caso para valorar a posible tramitación das prestacións que lle poden corresponder a cada un.

Visita os pacientes de hemodiálise e diálise peritoneal ó longo de toda a semana.

14. O día 24 Rosa Iglesias vai o concello firmar o **convenio** con Marga Martín.

Este mesmo día David Gulias, membro da Xunta Directiva acude a unha **charla** a un colexio de Viana do Bolo xunto con DR. Cortés.

Elaboración das cartas para a cea do magosto que se celebrará no próximo mes de Novembro.

Visita os pacientes de hemodiálise pola mañá e pola tarde.

15. O día 25 elaborase unha instancia solicitando un adianto do 70% da subvención por o convenio coa consellería de Benestar Social.

Visita os pacientes de hemodiálise: primeiro turno, segundo e terceiro.

16. O día 26 visita os pacientes de diálise peritoneal. Ese mesmo día a filla dun paciente ingresado diríxese a nós para pedirnos información sobre prestacións e os servizos que presta a asociación de Alcer. Comenta a necesidade de tramitarlle a seu pai a lei de dependencia, xa que este anteriormente solicitouna e non alcanzaba o grado necesario para cubrir as súas necesidades.

Este mesmo día membros da asociación, Rosa Iglesias de Dios e Manuel Vázquez asisten a intervención de **Anxo Queiruga** no Centro de Desenvolvemento de Caixanova.

17. O día 27 entrega do convenio da consellería de benestar social.

Visita os pacientes de diálise peritoneal.

18. O día 28 visita os pacientes de diálise peritoneal.

Envío de cartas os socios para a cea anual do magosto.

Chamamos a Pili Suárez, membro da Xunta Directiva para que nos faga unhas novas fichas de socios actualizadas e que no las mande por correo xa que ela ten a plantilla.



[Asociación para a Loita Contra as Enfermidades Renais de OURENSE](#)

NOVEMBRO

1. O día 2 de Novembro visita os pacientes de diálise peritoneal. Ese mesmo día as traballadoras sociais dirixíronse a varias habitacións a visitar a pacientes ingresados. Falamos coa irmá dun paciente ingresado, Jose Antonio. Coméntanos que xa lle aprobaron a incapacidade permanente absoluta, o 100%. Están pendentes de darlles unha resolución do recoñecemento do grao de discapacidade.
2. O día 3 de Novembro visita os pacientes de diálise peritoneal. Falamos cun paciente que xa se dirixiu a asociación anteriormente para coñecernos. Este paciente comenta que un paciente ingresado está interesado en falar con nós. Diríxome a habitación de David. Pregúntame información sobre prestacións e comenta que quere facerse socio. Queda en acercarse ata Alcer nas próximas semanas.
3. Os días 5 e 6 Rosa Iglesias de Dios acudiu as **XXIV Xornadas Nacionais de Enfermos Renais**. Nestas xornadas xurdiu un tema de interese para Alcer sobre un proxecto relacionado coa diálise en nenos. Parécenos importante e vamos ver as posibilidades de levalo a cabo aquí en Ourense.
4. O día 8 comezamos a xustificar a subvención do convenio co concello xa que hai que entregala antes de que finalice este mes de Novembro.
5. O día 9 fixemos cartas de benvida para os novos socios.
6. O día 14 puxémonos en contacto con Jorge Vermello, xa que días anteriores falamos con el e dinos que quere colaborar con nós para a cea anual do magosto.
7. O día 15 a Traballadora Social ponse en contacto ca traballadora social do centro de saúde da Cuña, xa que o día anterior atendese a un paciente en peritoneal que pertence a ese centro de saúde cunha situación complicada.
8. O día 16 pónome en contacto coa Traballadora Social do centro de saúde de Valle Inclán por un paciente que pertence a asociación. Tramitación de axuda a domicilio.
9. O día 21 chamamos a varios socios para recordarlle a cea anual que se celebrará o próximo fin de semana. Anotación de varios persoas a esta.

Este mesmo día elaboramos unha lista con todas as persoas que asistirán a cea.

Visita os pacientes de hemodiálise e diálise peritoneal o longo de toda a semana.



[Asociación para a Loita Contra as Enfermidades Renais de OURENSE](#)

10. O día 22 fixemos un planing das persoas colaboradoras que asistirán a **“MI CASA” - Salón do Moble, Fogar, Decoración e Antigüidades.** Nesta feira daremos información nun stand que nos proporcionan.

11. O día 23 chamamos a OCT, e falamos con Marta, persoa encargada de organizar o tema de charlas. En días anteriores recibimos un correo do Instituto da Carballeira para organizar unha **charla** sobre donación e transplantes na primeira quincena do mes de xaneiro. Queda en organizala dende a OCT e póñense en contacto con nós e co Doctor Cortés.

12. O día 24 celébrase a **inauguración de “MI CASA”**, Salón do Moble, Fogar, Decoración e Antigüidades. Acoden a esta, varios membros da Xunta Directiva.

Esta feira celebrarase dos días 24-27 de Novembro.

Este mesmo día acercase ata a oficina un paciente de hemodiálise, interesado en traballar e sen saber como pode facer. Unha das Traballadoras Sociais acompaña a Cogami para que alí o poidan guiar sobre a súa inserción laboral.

13. O día 25 entregase o Concello a xustificación da subvención por o convenio de colaboración.

Visita os pacientes de hemodiálise e diálise peritoneal o longo de toda a semana.

14. O día 28 a Traballadora Social desprazase ata a residencia para visitar os pacientes. Ademais este día acode a secretaría para comentarlle un traslado dun paciente do segundo turno de hemodiálise a Madrid, onde se dializará dos días 16 de Xaneiro o 6 de Febreiro.

Este mesmo día visitamos a un paciente que permanece ingresado que vai a comezar dentro dun mes aproximadamente a diálise peritoneal. Pregúntame información sobre prestacións, xa que ten moitas preocupacións pola súa vida laboral de aquí en adiante. A súa muller está interesada en falar con algunhas das traballadoras sociais para que lle proporcionemos información. Queda en acudir a nosa oficina o mércores de esta mesma semana.

15. O día 29 visitamos os pacientes de hemodiálise e peritoneal. Unha das enfermeiras de nefroloxía comunícanos que un paciente pode precisar a nosa axuda. Poñémonos en contacto con éste.



Asociación para a Loita Contra
as Enfermidades Renais de OURENSE

Ese mesmo día a filla dun paciente que permanece ingresado interesase en coñecer a asociación e quere información sobre prestacións.

16. O día 30 a Traballadora Social ponse en contacto coa traballadora social de Carballiño por a situación de un paciente que acode a diálise peritoneal e que solicita axuda a domicilio xa que vive solo. Dígolle o paciente que pode solicitar axuda a domicilio pero a través da lei de dependencia.

Ese mesmo día pónome en contacto coa Traballadora Social de Xinzo por a situación de un paciente que ten recoñecido o grao de discapacidade, un 94% pero non se lle recoñece dificultades de mobilidade. O mesmo tempo tamén quere a libranza económica para a súa muller, que é a que se dedica o seu coidado. A Traballadora Social do seu concello xa está pendente da súa situación.

Este mesmo día acode a oficina a muller dun paciente que vai comezar diálise. A Traballadora Social proporciónalle información no relativo a prestacións, xa que terán que solicitar o recoñecemento do grao de discapacidade e a incapacidade permanente. Entrégolle a documentación necesaria.

DECEMBRO

1. O día 1 de Decembro pasáronse novos informes de pacientes de diálise peritoneal que se atenderon en días anteriores.

Este mesmo día a Traballadora Social cubriu e xuntou a documentación necesaria para a tramitación do recoñecemento do grao de discapacidade dun paciente de hemodiálise.

2. O día 2, a Traballadora Social chama a un paciente que se atendeu en días anteriores en diálise peritoneal. Éste cobra unha incapacidade permanente absoluta e ten certos anos cotizados en Suíza, polos que ata o de agora non percibe nada. Coméntame a posibilidade de percibir algo por Suíza. O día seguinte chamo a Seguridade Social para informarme e efectivamente independentemente da prestación que está percibindo pode solicitar unha incapacidade por regulamentos comunitarios. Informo o paciente desa posibilidade e queda pendente a súa chamada para mirarllo.



[Asociación para a Loita Contra as Enfermidades Renais de OURENSE](#)

3. O día 5, elabóranse as postais de navidade para posteriormente enviar os socios. Ademais nesa mesma carta axuntaráselle un calendario do 2012 para que teñan todos os socios un recordo de Alcer.

4. Dos días 5 o 8 celébrase o **Salón da Xuventude, Megaxove.** Non podemos acudir, xa que non temos reunida xente necesaria que poida quedarse no stand debido a que nesta semana hai varios días festivos.

5. O día 12 a Traballadora Social atende unha chamada telefónica da filla dun paciente de hemodiálises. A filla quere información sobre o desconto que ofrece telefónica para pensionistas.

Ese mesmo día temos unha chamada telefónica da muller dun paciente que acode a diálise que ten problemas ca ambulancia que o recolle o seu marido. Posteriormente **chamamos a Dirección Provincial do Sergas** e falamos co Secretario para comunicarlle o sucedido. Poranse en contacto para dicirnos como se pode resolver a situación. Terán que levar un escrito describindo a situación a atención o paciente no CHOU.

6. Atención telefónica por parte da Traballadora Social o día 13 a muller dun paciente que comenta problemas diariamente relativos a ambulancia que recolle o seu marido e co trato que lle mostran. Dígolle o mesmo que en días anteriores, xa que volvo falar co Secretario do Sergas e a única solución e que presenten un escrito a atención o paciente.

7. O día 14 a Traballadora Social chama a Traballadora Social do centro de saúde de Mariñamansa para preguntarlle sobre a entrevista que tivo coa muller dun paciente de diálise peritoneal. Comentase a situación dun paciente de diálise peritoneal que está nunhas condicións complicadas.

Ese mesmo día a Traballadora Social de Alcer chama a filla do paciente para preguntarlle como está a situación actualmente e poder así programar unha intervención.

O día anterior recibimos unha chamada telefónica dunhas alumnas de enfermería interesadas na asociación. Quedan en vir este día a recoller información (trípticos) de doazón de órganos e de Alcer.



[Asociación para a Loita Contra as Enfermidades Renais de OURENSE](#)

Este mesmo día recibimos unha chamada telefónica do concello por o convenio, temos que presentar máis documentación.

8. O día 15 a Traballadora Social fai unha chamada telefónica o concello por un problema que surtiu coa xustificación do convenio. Temos que axuntar máis documentación: liquidación de orzamentos de ingresos e gastos, memoria de actividades, abonos da seguridade social...

Quedamos en presentalo a semana que ven.

Visita os pacientes de diálise peritoneal e de hemodiálise o longo de toda a semana.

9. O día 19 acabamos de **xustificar o convenio** co concello e queda pendente levalo ata alí, posiblemente mañá acercaranse ata alí algún membro da Xunta Directiva.

10. O día 20 a Traballadora Social elabora un informe social dun paciente de diálise peritoneal. Está cobrando unha prestación non contributiva, aínda que comenta que reúne os requisitos necesarios para acceder a unha contributiva. Quedo en chamar a Seguridade Social para comentar a súa situación.

11. O día 21 a Traballadora Social chama a Seguridade Social para informarse sobre a situación do paciente. Chamo a paciente para comunicarlle a información necesaria.

Ese mesmo día a Traballadora Social efectúa unha chamada telefónica a traballadora social do centro de saúde de Mariñamansa para programar unha visita conxunta o domicilio dun paciente que está nunha situación complicada. Está programada para o venres día 23.

Este día ademais as Traballadoras Sociais chaman os pacientes de peritoneal para realizarlles un seguemento.

12. O día 22 a Traballadora Social efectúa unha chamada telefónica a muller de un paciente para concertar unha cita a semana que ven. Quedo en acompañalos ata **Cogami**, xa que o paciente está a tratamento de diálise peritoneal e ten todo o día libre entón está interesado en traballar. Iles poderanlle axudar na súa inserción laboral.

13. O día 23 a Traballadora Social da asociación xunto coa traballadora social do centro de saúde desprázanse ata o domicilio dun paciente de diálise peritoneal para facer un visita. Xuntas quedan en levar un seguemento da situación do paciente.



[Asociación para a Loita Contra as Enfermidades Renais de OURENSE](#)

Quedamos en mirarlle a bolsa de aluguer, a cal xa solicitaron. Ademais consideramos oportuno que acudan onde a traballadora social que lle pertence para que lle solicite a lei de dependencia e o recoñecemento do grao de discapacidade.

14. **Visita os pacientes** de hemodiálise e diálise peritoneal o longo de toda a semana.

15. O día 28 virá ata a oficina de Alcer un paciente de diálise peritoneal para comentarnos a súa situación e acompañalo ata Cogami.

16. O día 27 recibimos un correo de Cogami no que se nos di que contan con nós para a elaboración da súa memoria do 2011, polo tanto temos que enviarlle os datos que nos solicitan. Elaboración dun escrito cos datos da asociación que precisan.

17. O día 28, as Traballadoras Sociais de Alcer pómonos en **contacto coa Traballadora Social do Concello de Melón** para comprobar o tipo de axuda económica que percibe a esposa dun paciente de diálise peritoneal por coidalo. Trátase dun paciente que necesita cadeira de rodas, xa que non ten mobilidade ningunha., por tanto, a muller, demanda dependencia, coméntanos que debido ao delicado estado de saúde en que se encontra, non está capacitada para encargarse dos seus coidados.

O luns, día 2 de Xaneiro, temos que volver a chamar, xa que a Traballadora Social, está de vacacións.

Por outra parte, tamén, pómonos en **contacto coa Traballadora Social do Concello de Cartelle**, pero tamén está de vacacións. Chamaremos o luns, día 2 de Febreiro, para comentarlle, si coñece o historial do paciente, xa que precisa de cadeira de rodas para poder desprazarse, e ademais, ten a enfermidade do Párkinson. Anteriormente, chamamos ao número de teléfono que temos no historial, pero no contesta ningún. Dado, a delicada saúde do paciente pensamos que se lle podería tramitar a dependencia.

Ese mesmo día as Traballadoras Sociais de Alcer, **falamos coa Traballadora Social do Concello de Entrimo**, para que poida valorar a situación dun paciente que esta en hemodiálise, pensamos que sería conveniente solicitar una Emerxencia Social, ou ben, unha axuda individual non periódica para o arreglo da súa vivenda., xa, que os ingresos da unidade familiar son escasos. A cita concertouse para o día 29 de



[Asociación para a Loita Contra as Enfermidades Renais de OURENSE](#)

Decembro. Chamaremos o día 30 a esposa do paciente para que nos comunique o que lle dixo a Traballadora Social.

18. O día 29 de decembro as Traballadoras Sociais de Alcer puxémonos en contacto coa neta dun paciente de hemodiálise para que lle poida valorar a Traballadora Social correspondente, neste caso, Margarita Pascual Souto. Trátase dun paciente que ten demencia senil, e non se defende por si mesmo, polo cal, precisaría de axuda a domicilio por dependencia. Olaia, a neta, foi a visitala pero estaba de vacacións, polo tanto, ten que volver a semana que ven.

19. O día 30 de Decembro, amigos dunha paciente en diálise, pasáronse por a Asociación para comprar un libro de alimentación para os enfermos renais.

20. Visita os pacientes de diálise peritoneal e hemodiálise ó longo de toda a semana.

3.ATENCIÓN SOCIAL

Este será realizado por un/unha diplomado/a en traballo social ó longo de todo o ano desenvolvéndose diferentes e diversas actividades encamiñadas a conseguir os obxectivos mencionados anteriormente. Dirixidas non só os enfermos renais senón tamén o resto dos cidadáns da provincia de Ourense, para transmitir información sobre a prevención de ditas enfermidades, así como a concienciación sobre a doazón de órganos.

A traballadora social é unha figura imprescindible para a realización de todas as actividades previstas pola asociación e deste modo lograr alcanzar os obxectivos propostos pola asociación. Esta actividade levarase a cabo ao longo de todo o ano 2011 e sen a cal non podíamos realizar outras actividades como son:

1º Funcións terapéuticas/ asistenciais.

Directas: intervención social co propio afectado/a.

Indirectas: Intervención co entorno, movendo os obstáculos para o normal funcionamento.

2º Educativas:

Charlas informativas en colexios, institutos, asociacións de veciños, concellos (de toda a provincia de Ourense).

Charla Universidade de Vigo en Ourense.



[Asociación para a Loita Contra as Enfermidades Renais de OURENSE](#)

3º Sensibilización e Concienciación:

Celebración do Día Mundial do Ril (segundo xoves de marzo).

Celebración do Día do Doador (primeiro mércores de xuño).

Participación na actividade “Un Paseo pola Saúde” organizada polo concello de Ourense.

Participación nas feiras de Expourense, grazas a un convenio de colaboración firmado entre Expourense e a Asociación.

Celebración do mes da Doazón Universitario/a.(Campus Universitario de Ourense).

Participación na Casa Solidaria (na Casa da Xuventude).

Charlas en colexio, institutos e asociacións de veciños

4º Sociais:

Acompañamento atención a pacientes en hemodiálise e diálise peritoneal..

- Evaluar** a través de informes e entrevistas necesarios as necesidades sociais e individuais dos enfermos.

- Diagnóstico, orientación e tratamento** dos problemas sociais dos usuarios

- Asesoramento e tratamento social** dos pacientes ou familiares a petición propia ou ben dos equipos asistenciais .

- Sensibilización** dos profesionais sanitarios sobre a detección de aspectos sociais del paciente así como da sociedade en xeral da importancia da prevención da enfermidade renal.

- Concienciación a sociedade** en xeral sobre a insuficiencia renal crónica así como da importancia de doar órganos para salvar vidas.A través de campañas de sensibilización e concienciación.

- Coordinar con outros servicios** (públicos e privados) a fin de canalizar adecuadamente la problemática social.

- Información**, dando a coñecer o usuario os recursos sociais aso que pode optar así como os que ten dereito, atendendo A súa situación específica. referencia a, tales como:
O servicio de información, orientación e asesoramento cobre entre outras as seguintes demandas:Certificados de Minusvalía

- Vacacións e Turismo Social



[Asociación para a Loita Contra as Enfermidades Renais de OURENSE](#)

- Servizo de Axuda a Domicilio
- Teleasistencia Domiciliaria
- Reintegro gastos SERGAS: transporte adaptado e medicamentos
- Pensións da Seguridade Social (contributivas e non contributivas)
- Axudas económicas (Xunta, Concello)
- Axudas técnicas (sillas rodas, muletas...)
- Bonificacións por Minusvalía.
- IRPF
- Familias Numerosas, carné familia numerosa.
- Vehículos adaptados

Visitas a Domicilio As zoas máis afastadas do núcleo urbán, aquelas persoas que debido a súa situación xeográfica teñan máis dificultade para acceder aos recursos e así coñecer as posibles necesidades ou carencias sociais que poden padecer e solventalas.

Visitas a centros de diálise realizando unha escoita activa a estes enfermos que servirá en moitas casos para detectar posibles necesidades ou ben serán eles quen as demanden e xestionándoas dende a asociación, esto realizarase tres días a semana en tres turnos diferentes e en toda a provincia de Ourense (Barco de Valdeorras e Verín).

4. DESGLOSE DALGUNHAS ACTIVIDADES

1. II XORNADAS DE COIDADOS EN SAÚDE RENAL

Dita Xornada ten lugar o día **3 de marzo** en horario de **17:00h a 20:00h** da tarde no Centro Sociocultural Novacaixagalicia (R/ Xuan XXIII, 31 sótano).

Trátase dunha xornada de interese para persoas en diálise e o s seus familiares onde se tratarán os aspectos principais relacionados coa enfermidade renal de modo comprensible.

No caso das enfermidades de tipo crónico como é a I.R.C, son varios os aspectos que poden influír no desenrolo da mesma, referímonos a temas como é o seguemento dunha dieta adecuada, dos coidados no fogar, da toma correcta da medicación, o aproveitamento dos distintos recursos de apoio dispoñibles na súa comunidade.



Asociación para a Loita Contra
as Enfermidades Renais de OURENSE

Para elo, a Traballadora Social de ALCER Ourense , *Tamara Morales Díaz*, quen tratará o tema “Recursos de apoio para pacientes e os seus familiares” en ditas xornadas onde informará a todos aqueles asistentes a mesma da Asociación ALCER , as actividades levadas a cabo en ela e dos recursos existentes para enfermos crónicos.



2. DIA MUNDIAL DO RIL.

A Enfermidade Renal Crónica representa un dos principais problemas de saúde do século XXI, tanto pola súa elevada prevalenza como pola súa importante incidencia cardiovascular; cos custes sociais e económicos que esto implica.

O obxectivo da celebración do Día Mundial do Ril, non é outro que o de amosar a sociedade Ourenzá a realidade do enfermo renal e transmitir a poboación e aos profesionais sanitarios a importancia da prevención e a detección precoz.

En España mais de 45.000 persoas padecen insuficiencia renal crónica e unhas 22.0000 persoas descoñecen ter unha enfermidade renal.Cada ano únense outras 6.000.

No Día Mundial do Ril que ALCER celebra o **10 de marzo** quérese transmitir o mensaxe de que **“Protexendo os teus riles, coidarás o teu corazón”**.

O redor do 30% das mortes en todo o mundo e o 10% das pérdidas de saúde para o resto da vida son debidas á enfermidade cardiovascular, segundo a Organización Mundial da Saúde. En España, as enfermidades cardiovasculares son a primeira causa de morte.

A presenza da enfermidade renal crónica (ERC) aumenta significativamente o risco dun evento cardiovascular, independentemente doutros factores de risco como a diabetes ou



[Asociación para a Loita Contra as Enfermidades Renais de OURENSE](#)

a hipertensión. Un de cada dez adultos, en España, teñen algún grao de enfermidade renal, a maior parte deles non o saben. A IRC é en sí mesma un potente factor de risco cardiovascular, como o demostra que a enfermidade cardiovascular aumenta de 20 a 30 veces en pacientes con IRC, independentemente da diabetes ou a hipertensión. Múltiples estudos científicos han documentado que o risco de morte cardíaca increméntase nun 46% nos pacientes cun filtrado glomerular entre 60 e 90 ml / min e nun 131% en pacientes con filtrado glomerular entre 30 e 60 ml / min.

O maior risco de eventos cardiovasculares e a mortalidade en persoas maiores de 55 anos con IRC por sí soa é equivalente ou incluso superior, o que se observa en pacientes con diabetes ou que han sufrido anteriormente un infarto de miocardio. Este aumento do risco cardiovascular non vai ligado necesariamente a unha maior idade. Investigacións en voluntarios cunha idade media de 45 anos han demostrado que o risco de infarto de miocardio, accidente cerebrovascular e mortalidade por calquer causa se duplicaba cando tiñan IRC.

Neste senso ALCER vai repartir folletos informativos aconsellando manter unhas cifras de tensión arterial por baixo do 140/90 mmHg, manter uns niveis de azúcar en sangue por baixo do 126 mg/dl, controlar os niveis de colesterol en sangue, levar unha dieta variada, rica en vexetales e fruta, evitar hábitos tóxicos como o tabaco, alcohol e outras drogas e realizar unha actividade física regular, o menos 30 minutos, catro ou máis días a semana.

O electrocardiograma de 50 metros de longo será utilizado en Ourense para a realización dun pasillo e acordar a zoa onde se realizarán as probas que pasamos a describir.

ACTIVIDADES PROGRAMADAS PARA O DIA MUNDIAL DO RIL

- Instalación dunha carpa informativa situada na Rúa Paseo (a altura da delegación o ministerio de Defensa) dende as 10:00h ata as 14:00h, en horario de mañá e de tarde 16.00 a 19.45h.
- Inauguración as 12:00h por Dona Marga Martín, **Concelleira de Sanidade** e de



[Asociación para a Loita Contra
as Enfermidades Renais de OURENSE](#)

D. Francisco Rodríguez, Alcalde de Ourense

- Realización de diversas probas coma medicións de glucosa, peso, talla, niveis de creatinina e tensión arterial durante toda a mañá e tarde realizadas por persoal sanitario que nos indicarán de modo orientativo se estamos en risco.

Contaremos coa colaboración da *Fundación Renal Íñigo Álvarez de Toledo*, a *asociación diabética AURIA* e *Augas SOUSAS*.

Un traballador da empresa de animación FAISCAS realizará o longo da mañá figuras variadas de globoflexia e inflado de globos normais con forma de corazón que serán entregados ós/ás asistentes.

Ademáis dende ALCER Ourense faremos entrega dalgún detalle a aqueles participantes neste día tan especial.

Obxectivos perseguidos: Amosar a sociedade e xeral cal é a realidade da enfermidade renal e transmitir a poboación en xeral e a Ourensá en especial sobre a importancia da prevención e a detección precoz da enfermidade.

Recursos humanos: xunta directiva, colaboradores voluntarios de ALCER Ourense e enfermeiras voluntarias da Fundación Íñigo Álvarez de Toledo de Ourense.

Recursos materiais: carpa situada na rúa do Paseo, carteis, dípticos e trípticos informativos, medidores de glucosa, tallímetro, tensiómetro, báscula, carteis anunciadores e trípticos da Asociación.

Data de celebración: segundo xoves do mes de marzo, este ano o día 10.

PROMUEVE Y ORGANIZA:

ALCER OURENSE

COLABORAN:

Concelleira de sanidade do Concello de Ourense.

Fundación Renal Íñigo Álvarez de Toledo.

Asociación Diabética AURIA



**Asociación para a Loita Contra
as Enfermidades Renais de OURENSE**



Distribución por Sexo:

Mulleres	Nº de persoas	Porcentaxe %
Homes	83	52,54%
	75	47,46%

Distribución por Idade:

De 15 a 29 anos	De 30 a 49	De 50 a 59 anos	De 60 a 69	De 70 a 79	De 80 a 90	Mais de 90
17	9	19	46	50	16	1

Total persoas atendidas: 158

Persoas atendidas con Anomalías: 84 persoas. (53,16 %)



[Asociación para a Loita Contra as Enfermidades Renais de OURENSE](#)

3. TALLER DE BAILE DE SALÓN

FUNDAMENTACIÓN DEL EJERCICIO FÍSICO

A práctica do exercicio físico é recomendable para toda as persoas, aínda quer xeito especial o é para os pacientes de Insuficiencia Renal Crónica .

A inactividade resulta totalmente perjudicial se temos en conta que é un factor de risco e que profundiza as enfermidades cardiovasculares asociadas a Insuficiencia Renal Crónica , ademais empeora as enfermidades reumáticas que teñen unha alta frecuencia nos enfermos dialíticos.

O anterior evidentemente significa que o tratamento terapéutico nestes suxeitos , vai a diminuír a morbilidade da enfermidade renal e mellorar a calidade de vida de estes enfermos, así como axudaralles a mellorar a hemodiálises ,aumenta a masa corporal diminuindo a morbilidade e a estar mellor preparado para a espera do momento do transplante. A importancia do exercicio en pacientes con enfermidade renal está sendo máis recoñecida cada día.

Un programa regular de actividade física é considerado, no enfermo renal crónico, parte do tratamento estándar da hipertensión, hiperlipidemia e control glucémico, así como da prevención primaria e secundaria da enfermidade arterial coronaria. Ademais de reducir o risco cardiovascular, o exercicio físico regular inflúe en forma positiva no problema do deterioro óseo, na debilidade muscular e na capacidade física global do enfermo renal cr

As dietas con restricción proteica demoran a progresión do fallo renal e reducen os síntomas da síndrome urémico, pero esta restricción asóciase a un deterioro do estado nutricional que supón unha perda de masa muscular, os exercicios de resistencia aumentan a retención nitroxenada mellorando a súa función con melloría na calidade de vida.



[Asociación para a Loita Contra as Enfermidades Renais de OURENSE](#)

O exercicio aumenta a capacidade física de traballo, mellora o perfil lipídico, mellora a sensibilidade á insulina e diminúe os requirimentos de medicación antihipertensiva nalgúns pacientes. Polo tanto o exercicio ten o potencial de reducir a prevalenza de varias das condicións que promoven a aterogénese dos pacientes en etapas avanzadas da IRC, ademais hai unha significativa mellora no grado de anemia nos hemodializados que fan exercicios.

Bailes de salón: son los más recomendados para adultos y personas mayores porque son menos arriesgados y más sencillos de practicar. No se requiere de grandes habilidades y sus movimientos son más bien simples y se realizan para eliminar tensiones, corregir la postura y consumir enerxías

Beneficios do baile

Ademais de ser unha boa opción para reducir o estrés e superar a timidez, a través do baile estimulamos a circulación sanguínea e melláramos a flexibilidade e a resistencia.

Obxectivos específicos

- Mellorar a condición física e funcional das persoas con insuficiencia renal crónica e transplantadas.
- Proporcionar o coñecemento e as competencias necesarias para que as persoas con insuficiencia renal crónica e transplantadas comprendan os efectos beneficiosos da práctica regular de actividade física e poidan realizala con autonomía e seguridade e eficacia para a súa saúde
- Promover a práctica regular de actividade física saudable, facilitando a adquisición de hábitos de vida máis activos que combatan o sedentarismo e os seus efectos perniciosos para a saúde
- Diminuír a dependencia do sistema sanitario, ao producirse unha melloría física xeral
- Propiciar o desenvolvemento persoal e social dos participantes como consecuencia do efecto terapéutico do exercicio físico



[Asociación para a Loita Contra
as Enfermidades Renais de OURENSE](#)

- Proporcionar situacións de interacción familiar en situacións de benestar como elemento reconstructor dunha dinámica familiar normalizada
- Diminuír o illamento social dos participantes

Obxectivos. Evitar o illamento social, realización de exercicio físico así como mellora da calidade de vida e o benestar social dos enfermos, familiares e socios de Alcer.

Destinatarios: Enfermos renais así como socios e colaboradores de Alcer Ourense.

Recursos humanos: Profesora de baile

Recursos materiais: Sala de baile. Radio casset, sala de baile, roupa adecuada.

Data de celebración: Un día a semana

Lugar de realización : Aula do salón de Baile Bayamo

4. PASEO POLA SAÚDE

A **VIII Feira do Paseo pola Saúde** celébrase os día 7 e 8 de Abril na Praza Bispo Cesáreo (Alameda) en horario de 11:00 a 14:00 e de 17:00 a 20:30h.

Con motivo do **Día Mundial da Saúde** (7 de Abril), a Concellería de Sanidade (Dona Marga Martín) danos a oportunidade un ano máis, a nos e a 39 asociacións, de participar na celebración do “**Paseo pola Saúde**”.

Este ano como en anteriores, dende ALCER Ourense queremos informar á sociedade ourensá sobre a Insuficiencia Renal Crónica (IRC), así como da importancia que ten a prevención da mesma.



[Asociación para a Loita Contra as Enfermidades Renais de OURENSE](#)

OBXETIVOS:

- Sensibilizar e concienciar á sociedade ourensá sobre a Insuficiencia Renal Crónica así como da importancia de doar órganos.
- Previr as enfermidades renais, fomentando hábitos de vida saudables (medición da tensión arterial entre outras).

ACTIVIDADES PROGRAMADAS

Para elo realizaremos probas de medición da Tensión Arterial; xa que esta representa un dos indicadores de risco de dita enfermidade.

Informaremos a todos aqueles co requiran sobre a IRC e a súa problemática.

Ademais, queremos facer fincapé na importancia que ten ser doante de órganos na sociedade actual.

Inauguración ás 12:30 horas, coa presenza da concelleira, Marga Martín, o Alcalde de Ourense, Francisco Rodríguez e o Deputado Socialista Alberto Fidalgo.

PROMUEVE Y ORGANIZA:

Concello de Ourense. Concelleira de sanidade do Concello de Ourense.

COLABORAN:

ALCER (Asociación para a Loita Contra as Enfermidades Renais de Ourense)

Demais asociación enmarcadas no eido sanitario da provincia de Ourense (36 asociacións mais).





**Asociación para a Loita Contra
as Enfermidades Renais de OURENSE**



O número total de persoas que acudiron a nosa carpa para tomar a tensión arterial nos dous días da celebración do “Paseo pola Saúde” foi de 244 persoas, das cales 60 se decataron que tiñan a tensión arterial elevada. Asemade, neste día dixéronse doantes de órganos 10 persoas

MEDICIÓN ARTERIAL

Xoves 7 de Abril			Venres 8 de Abril		
Normal	Hipotenso	Hipertenso	Normal	Hipotenso	Hipertenso
102	5	46	70	7	14

TOTAL

Normal	Hipotenso	Hipertenso
172	12	60

PERSOAS ANTENDIDAS: 244



[Asociación para a Loita Contra as Enfermidades Renais de OURENSE](#)

5. DÍA NACIONAL DO DOADOR 2011

“Máis positivos. Máis solidarios. Máis donantes de órganos. Máis motivos”. Con esta campaña baseada na positividade, ALCER quere axudar a combatir unha realidade: a pesar da situación socio-económica actual, que podría haber estado influíndo en que menos persoas no ano 2010 aceptaran doar órganos dos seus familiares falecidos, os primeiros datos deste 2011 indican que os españoles están sendo máis solidarios.

Por iso o Día Nacional do Doante que se celebrará o 1 de Xuño en toda España, ALCER invita a que a maior cantidade de xente posible entre en Facebook e busque “hay que ser donante”. Alí encontrarán cómo doantes, trasplantados e pacientes lles darán moitos motivos para seguir sendo solidarios á hora de doar órganos. Dista forma quérese resaltar que a crisis que golpea con forza moitos países europeos, como por exemplo Grecia, Portugal, Irlanda ou Italia, onde tamén disminuiron as donacións de órganos o ano pasado, en España reinvertiuse.

Ademáis de utilizar as redes sociais, en máis de 50 cidades ALCER colocará mesas na rúa para concienciar á xente, transmitirilles toda a positividade posible e a necesidade de non cambiar o noso sentido de xenerosidade que sempre ha sido estandarte do pobo español.

Grazas a cómo desde a Organización Nacional de Trasplantes (ONT) se está potenciando a donación de vivo, a donación en asistolia e a aplicación do Benchmarking no proceso de doazón, España segue mantendo o seu liderazgo mundial neste tema. Pero son moitos os factores que actualmente se xuntan e que poden afectar as taxas de doazón. Entre eles están a diminución dos accidentes de tráfico, a redución das causas de morte encefálica, o descenso dos traumatismos craneoencefálicos debidos a accidentes laborais, os cambios a mellor que se están producindo no manexo do enfermo crítico o final da vida e incluso un dato sorprendente á hora de facer estadísticas como é que posiblemente a cifra de poboación española esté “inflada” nun millón de persoas.



Asociación para a Loita Contra
as Enfermidades Renais de OURENSE

Por todo o anterior, este é un momento no que máis que nunca resulta necesaria a solidariedade e a xenerosidade da xente. Neste sentido a Presidenta de ALCER OURENSE Rosa Iglesias de Dios, quere destacar que: “A vida está por riba de circunstancias puntuais e nos momentos difíciles todos debemos manter con firmeza a solidariedade á hora de poder dar vida aos demais, porque calquera de nós podría necesitar mañá que alguén tivera con él ese mesmo xesto de xenerosidade”.

É moi importante tamén deixar claro á familia a vontade de ser doante. En demasiadas ocasións os familiares dun falecido desconocían a súa vontade sobre si quería ou non doar o seus órganos e ese desconocimiento, pode traducirse na perda da oportunidade de manterse con vida para outras persoas.

Ser portador da tarxeta de doante permite a médicos e familiares estar informados da vontade do falecido, pero esta tarxeta non é decisiva. Según a normativa vixente a tarxeta de doante é unha intención que debe ser corroborada pola familia, porque esta é a que finalmente concede ou non o permiso. Sen embargo, está comprobado que ante a presenza do carnet de doante poucas familias néganse a contravir a vontade do falecido.

Para os familiares, o momento de permitir a doazón estando sumidos na dor polo falecemento, resulta especialmente complicado. Pero para a angustia do momento pode incluso ser un alivio saber que con cada doazón proporciónanse unha media de 56 anos de vida.

ACTIVIDADES PROGRAMADA PARA O DIA DO DOADOR 2011.

Este ano ALCER OURENSE quere celebrar dito día para agradecer a solidariedade de aquelas persoas que permitiron unha segunda oportunidade a moitas máis que dependían deles. Para elo realizaremos as seguintes actividades:

DIA 1 MÉRCORES.

Dende as 09:30 a 14:00h e de 16:00 a 20:00 horas, instalación dunha carpa na cidade de Ourense sita na Rúa do Paseo a altura da Subdelegación de Defensa.



[Asociación para a Loita Contra as Enfermidades Renais de OURENSE](#)

As 11:30h, realizouse unha **Rolda de Prensa** por:

- Rosa Iglesias de Dios, *Presidenta da asociación ALCER Ourense.*
- Doutor Juan Cortés Cañones, *Coordinador de Transplantes de Órganos de Ourense.*
- O Doutor e Diputado socialista, Alberto Fidalgo Francisco.

Na que darán a súa opinión e falarán sobre os seguintes temas: ***importancia da doazón en vivo, a cadena de transplantes entre outros.***

Inauguración ás **12:00** horas, coa presenza da concelleira de benestar social, Marga Martín Rodríguez.

En Ourense fixéronse 37 tarxetas de donantes de órganos.

Ademais situáronse **mesas informativas** para deste modo repartir información sobre a doazón de órganos e tecidos e seguir aumentando a esperanza dunha segunda oportunidade para moitas persoas, en:

- Xinzo de Limia onde se fixeron 7 tarxetas de doantes.
- Verín(fronte o Hospital) onde se fixeron 6 tarxetas de doantes.

